



PLAN DIXITAL

CEIP ORTIGUEIRA (VEDRA)

[Versión 1.1_ decembro 2022]

Índice

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro	
1.2. Contextualización do plan dixital no centro Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	
1.3. Breve xustificación do mesmo	
1.4. Proceso de elaboración	
2. Situación de partida	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	
2.3. Análise DAFO	
3. Plan de Acción	12
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	
3.3. Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo	
4. Avaliación do PD	16
4.1 Revisión e seguimento do plan en base á avaliación	
5. Difusión do PD	16

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Ortigueira

Enderezo: Ortigueira nº 2, 15885 Ribadulla–Vedra (A Coruña)

Correo: ceip.ortigueira@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiportigueira/>

Nº de alumnado: 77 alumnos/as

Nº de profesorado: 9 docentes (curso 2022-2023)

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro e á Programación Xeral Anual.

O CEIP Ortigueira está situado na localidade de Ribadulla, no Concello de Vedra, a 17 Km de Santiago de Compostela pola estrada N-525 (Ourense-Santiago). A localidade de Ribadulla, encadrada polo Consorcio de Santiago de Compostela dentro da súa comarca e área de influencia, atópase socio-economicamente a medio camiño entre unha aldea-dormitorio e unha sociedade rural dependente das actividades agrícolas.

O principal equipamento cultural co que conta é a Casa da Cultura, onde se desenvolven as clases da Escola de Música, os talleres de animación á lectura promovidos polo Concello e os ensaios do Coro e a Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, fundada en 1927, institución de grande relevancia en toda a contorna.

A lingua de uso maioritario é o galego, coas características propias do bloque lingüístico onde nos atopamos. Se ben se ten detectado ao longo dos últimos anos un avance do castelán, supoñemos que condicionado á maior cantidade de horas que o alumnado e a poboación en xeral pasa en entorno lingüístico castelán-falante.

O centro ten 5 unidades en catálogo: de EP e 2 de EI. As instalacións ocupan dous edificios de dúas alturas sen comunicación entre eles. No edificio máis antigo, están as aulas de Educación Infantil, a Aula de Música, e –como consecuencia da aplicación do protocolo COVID- habilitouse o primeiro andar para o alumnado de 5º e 6º. No edificio máis moderno están as aulas de Educación Primaria, o Ximnasio, o Despacho de Dirección e o Comedor. O estado xeral das instalacións do edificio novo é aceptable.

Cómpre destacar que -desde 2018- o centro implementa un proxecto de robótica aprobado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade que conta coa dotación suministrada pola institución e algúns elementos periféricos a maiores adquiridos con

recursos propios. Este proxecto desenvólvese principalmente en 5º e 6º de EP e ocupa unha sesión semanal. Desde o 2021 o centro participa no programa *DigiCraft*.

En canto á contribución do presente documento ao **Proxecto Educativo**, o presente Plan Dixital substituirá o epígrafe V (*Plan de Integración das TIC*) que leva incluído no mesmo desde 2012.

En relación á **Programación Xeral Anual**, os obxectivos e/ou directrices que se establezan no Plan Dixital pasarán a incluírse tamén no epígrafe correspondente do Proxecto Lingüístico. As programacións didácticas do curso 2022-23 deberán incluír necesariamente actividades e/ou metodoloxías seguindo o explicitado neste Plan Dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital de Centro é un documento que ten como finalidade recoller as accións que se levan a cabo para mellorar o emprego das tecnoloxías nos centros educativos e en consecuencia tamén a Competencia Dixital do alumnado e do profesorado.

O mundo globalizado e cada vez máis tecnolóxico no que nos desenvolvemos fai que sexa cada vez máis necesaria unha completa formación en novas tecnoloxías. Episodios recentes, coma o confinamento vivido pola crise da COVID-19, dan mostra da importancia e relevancia que o seu uso e dominio poden ter na sociedade en xeral e nos centros educativos en particular.

Polo tanto, a finalidade deste plan é esclarecer cales son aqueles aspectos en relación coa tecnoloxía e o seu manexo que cada centro ten que mellorar, coa finalidade de intervir sobre os mesmos e acadar unha boa competencia dixital. Trátase de analizar a realidade dos centros e deseñar un plan de acción.

Algunhas das referencias legislativas nas que se ampara a elaboración deste Plan Dixital son:

- *Art.111 bis, Art. 121 e Art 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente PD creouse un equipo de traballo incluído dentro dun PFPP. Este equipo estivo constituído polo director, o secretario e dúas docentes (coordinadora do Equipo de TIC e coordinadora do PFPP).

As reunións do equipo de traballo e as sesións de formación por parte dos asesores foron os medios principais empregados no proceso de elaboración.

Como paso inicial realizáronse reunións para analizar a documentación recibida e os pasos a seguir. Logo realizáronse as análises da realidade escolar a través da elaboración e cumprimentación do informe SELFIE e a realización dos Test CDD. Unha vez obtidos os datos, pasamos a revisalos e reflexionar sobre os mesmos.

Posteriormente, cos datos obtidos e logo do debate e reflexión necesarios, cumprimentamos a matriz DAFO analizando as nosas Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. As debilidades obtidas no DAFO foron o punto de partida para a selección dos obxectivos que nos marcamos para o vindeiro curso.

Seleccionamos tres obxectivos, arredor dos cales deseñamos un plan de acción con actuacións a realizar no vindeiro curso escolar para acadar os obxectivos propostos. Para poder constatar se se acadarán ou non, cada obxectivo vai acompañado de indicadores (iniciais e previstos), responsables das accións, datas de realización, recursos precisos, valoración da acción, estado (realizada, aprazada, pendente), etc.

A continuación establecemos as pautas de seguimento e avaliación do plan, así como as posibles propostas de mellora e o método de difusión do PD.

Finalmente, unificamos toda a información e redactamos o presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación indícanse os recursos cos que conta na actualidade o centro educativo:
Conexión a internet por cable: Si, con tomas suficientes en todas as aulas. Pendente de arranxos (substitución de tomas danadas, plásticos rotos...) por parte do Concello.

Conexión sen fíos: Si. Bastante inestable e con problemas frecuentes de conexión.

Conexión telefónica: Si. Teléfonos fixos na Sala de Profesorado, no despacho Dirección (non funciona o aparato) e no Edificio Antigo.

Plataformas e servizos dixitais: o centro conta con aula virtual e páxina web corporativa.

Outros dispositivos: Cámaras dixitais de vídeo e fotografía, gravadora dixital de son.

Distribución de equipos informáticos por aulas:

AULA: INF A				
Tipo de equipamento	Cantidade	Marca	Entidade aportadora	Ano
Portátiles	1	HP	Xunta	2011
Pantalla dixital e proxector	1	Smartboard Epson	Xunta Xunta	2014
Impresora	1	Brother	Recursos propios	

AULA: INF B				
Tipo de equipamento	Cantidade	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	2	HP Dell	Xunta Recursos propios	2016
Portátiles	1	HP	Xunta	2016
Pantalla dixital e proxector	1	Prometean Epson	Recursos propios	

AULA: 1º EP				
Tipo de equipamento	Cantidade	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	3	Fujitsu 2 Dell	Xunta Recursos propios	2012
Pantalla dixital e proxector	1	IQ Board Epson	Xunta Xunta	2014

AULA: 2º				
Tipo de equipamento	Cantidade	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	2	Comelta HP	Xunta Redes Xunta	2004 2016
Portátiles	1	Lenovo	Xunta	2015
Pantalla dixital e proxector	1	Multiclassboard Epson	Xunta	2015

AULA: 3º				
Tipo de equipamento	Cantidade	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	3	Dell HP Assus	Xunta Recursos propios Recursos propios	2007
Portátiles	1	Lenovo	Xunta	2015
Pantalla dixital e proxector	1	Multiclassboard Epson	Xunta Recursos propios	2015

AULA: 4º				
Tipo de equipamento	Cantidad	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	5	2 Dell 1 Assus 2 HP	Xunta Recursos propios Recursos propios	2007
Portátiles	5	1 Lenovo 1 Assus 3 HP	Xunta Recursos propios Recursos propios	2012
Pantalla dixital e proxector	1	Smart Tech Epson	Xunta Recursos propios	2011

AULAS: 5º e 6º EP (desdoblamento)				
Tipo de equipamento	Cantidad	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	8	4 HP 3 Dell 1 Acer	Recursos propios Recursos propios Recursos propios	
Portátiles e portátiles ultralixeiros	20	1 Lenovo Toshiba Acer Packard Bell 4 Lenovo Thinkpad 12 Lenovo Thinkpad	Xunta Recursos propios Recursos propios Recursos propios Educa en Dixital Galicia DigiCraft	2012 2021 2020
Impresora	1	Brother	Xunta Redes	2000
Smart tv	1	Hitachi	Recursos propios	2022

AULA: Dirección				
Tipo de equipamento	Cantidad	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	2	HP	Xunta (Dotación postos informáticos E. Directivo)	2022
Portátil	1	HP	Xunta (Dotación postos informáticos E. Directivo)	2022
Impresora	1	Brother	Xunta	

AULA: Sala de profesorado				
Tipo de equipamento	Cantidad	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	1	HP	Recursos propios	
Impresora	1	NEA	Xunta	2016

AULA: PT / AL				
Tipo de equipamento	Cantidad	Marca	Entidade aportadora	Ano
PC	2	Fujitsu Dell	Xunta Recursos propios	2012

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE. Resumo das áreas:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	BAC	FP	EPO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	3,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,3				

Test de Competencia Dixital Docente (CDD):

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	7	85,7%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69	Integrador/a (B1)	76,4%	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	47,3	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
EP	78,3	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	10%
A2	4	40%
B1	3	30%
B2	1	10%
C1	1	10%
C2		
TOTAL	10	100.00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. A infraestrutura dixital é axeitada (C1) 2. No centro hai dispositivos dixitais para usar no ensino (C2) 3. O centro conta con asistencia técnica (C5) 4. O centro conta con dispositivos dixitais propios que o alumnado pode empregar (C8) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A política de protección de datos é insuficiente (C7) 2. Limitacións no espazo escolar que afectan ao ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. No centro existe debate sobre as vantaxes/desvantaxes do uso da tecnoloxía (B2) 2. O profesorado busca e emprega recursos educativos dixitais en liña (E1) 3. Empréganse as tecnoloxías dixitais para comunicarse coas familias (E4) 4. Empréganse as tecnoloxías dixitais para adaptar o ensino ás necesidades do alumnado (F1) 5. O profesorado participa en actividades formativas individuais organizadas pola Administración sobre competencias dixitais (60% de acordo) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A valoración do progreso do ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais non é axeitada (B1) 2. O emprego de contornas virtuais de aprendizaxe é moi limitado (E3) 3. Non se empregan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe (G5) 4. O profesorado ten competencias dixitais insuficientes
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado aprende a actuar de maneira segura (H1) e responsable (H2) en internet 2. O alumnado aprende a crear contidos dixitais e comunicarse empregando tecnoloxías dixitais (H7) 3. O alumnado aprende a desenvolver habilidades dixitais para diferentes materias (H10) 4. O alumnado aprende a codificar/programar (H11) 	
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Empréganse as tecnoloxías dixitais para comunicarse coas familias (E4) 	
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai apoio para explorar novas modalidades de ensino-aprendizaxe (A3) 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro desenvolve a estratexia dixital en colaboración co profesorado (A2) 2. O centro conta con asistencia técnica (C5) 3. O centro promove a formación a través dun Plan de Formación en Centros do que formo parte (60% do profesorado de acordo) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non hai unha estratexia dixital axeitada (A1) 2. Segundo o profesorado hai pouco tempo para explorar o ensino dixital (A4) 3. Non hai unha avaliación do progreso con tecnoloxías dixitais axeitada (B1)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Incrementar o equipamento dixital do centro 2. Renovar os equipos dixitais obsoletos 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de fondos 2. Equipo dixital insuficiente
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Incluír no horario lectivo tempo para crear e buscar recursos dixitais 	
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ofertar educación dixital nas actividades extraescolares do alumnado 2. Organizar unha formación para familias sobre o uso das novas tecnoloxías 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixa competencia dixital das familias
	ANPA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro 2. Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet fóra do centro 3. O alumnado non emprega a tecnoloxía fóra do centro con fins educativos
	OUTRAS ENTIDADES		<ol style="list-style-type: none"> 1. Apenas se empregan as tecnoloxías para colaborar con outras entidades (B3) 2. Ausencia de colaboración con outros centros e organizacións

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación preséntanse os obxectivos escollidos e os respectivos plans de acción a realizar no vindeiro curso escolar 2022-2023 para acadalos.

Estes obxectivos foron escollidos polo claustro de profesorado, logo de analizar conxuntamente as debilidades amosadas pola matriz DAFO e determinar cales eran as prioritarias a corrixir e mellorar.

3.2. Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas

DISPOSITIVO	CANTIDADE	XUSTIFICACIÓN
Pantallas xigantes interactivas	2	As pantallas dixitais conectadas a un ordenador xa son unha tecnoloxía antiga. Moitas APPs non se poden usar nesas pantallas. As pantallas xigantes interactivas son o dispositivo máis acaído para as aulas de educación infantil polas súas características técnicas, usabilidade, mellora da calidade do proceso táctil, etc...
PCs para aulas	7	Precisamos renovación de equipos moi obsoletos, que presentan frecuentes problemas en relación coa velocidade de procesamento, avarías, actualización do sistema operativo... Consideramos necesario renovar 7 equipos, aqueles que foron aportados pola Administración e teñen 10 anos ou máis (anteriores a 2012).
Portátiles para aulas	3	Mesma consideración ca no epígrafe anterior. Solicitamos a renovación daqueles equipos entregados pola Administración antes de 2012.

3.3. Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: C- Infraestruturas e equipos							
OBXECTIVO 1:	Crear un documento interno para cumprir coa normativa de protección de datos (C7)					Acadado	X
Responsable:	Equipo TICS					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Creación do documento interno de guía						
Valor de partida:	Non existe o documento						
Valor previsto e data:	Existe un documento interno de guía e emprégase				19/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Revisar e ler a normativa existente en relación á protección de datos	Equipo TICS	30/09/2022	Ordenador con conexión a internet Impresora	Normativa revisada satisfactoriamente (Protocolo de protección de datos da Xunta e Lo 3/2018)		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Seleccionar os aspectos relevantes a plasmar no documento	Equipo TICS	14/10/2022	Ordenador con conexión a internet Impresora Subraiadores	Resumo das normativas e selección dos puntos importantes para a práctica docente.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Redactar o documento- guía	Equipo TICS	16/12/2022	Ordenador con conexión a internet Impresora	Redacción do documento sinalando os aspectos importantes con marcas visuais		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
A01.4: Explicar e dar publicidade do documento-guía ao profesorado	Equipo TICS	19/12/2022	Copias da guía-resume	Documento explicado ao profesorado no último claustro do trimestre, boa acollida.		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: E- Pedagogía. Apoios e recursos							
OBXECTIVO 2:	Aumentar o emprego de contornas virtuais de aprendizaxe (E3)					Acadado	
Responsable:	Profesorado, Equipo Directivo e Coordinador/a do PFPP					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de actividades propostas en contornas virtuais de aprendizaxe (aula virtual, Kahoot, liveworksheet, etc.)						
Valor de partida:	0 actividades realizadas						
Valor previsto e data:	6 actividades realizadas				16/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A02.1: Solicitar cursos de formación sobre contornas virtuais de aprendizaxe	Coordinador/a PFPP	16/12/2022	Solicitud e inscrición no curso de formación	Formación solicitada ao CAFI en prazo		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
A02.2: Realizar o curso de formación solicitado	Profesorado	16/12/2022	Espazo amplo Ordenadores e conexión a internet Formador	Adiada a formación ao segundo trimestre por cuestións organizativas		Realizada	
						Aprazada	X
						Pendente	
A02.3: Crear recursos e actividades e subilos ás contornas virtuais de aprendizaxe	Profesorado	16/06/2023	Ordenador e conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	X
A02.4: Valorar as actividades realizadas polo alumnado	Profesorado	16/06/2023	Ordenador e conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	X

Área/s de mellora: D- Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 3:	Incrementar a formación do profesorado en relación ás TIC				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador/a PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe do profesorado participante nos cursos de formación					
Valor de partida:	0% mestres/as participantes					
Valor previsto e data:	85% mestres/as do claustro participantes			16/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitar cursos de formación sobre contornas virtuais de aprendizaxe	Coordinador/a PFPP	14/10/2022	Solicitud e inscrición no curso de formación	Formación solicitada ao CAFI en prazo	Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Aprobar e organizar os cursos de formación	CAFI	25/11/2022		Aprobada con data 21/11/2022	Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Realizar os cursos de formación	Profesorado	16/12/2022	Espazo amplo Formador/a Ordenadores con conexión a internet	Adiada a formación ao segundo trimestre por cuestións organizativas	Realizada	
					Aprazada	X
					Pendente	
A03.4: Valorar e aplicar o aprendido nos cursos de formación	Profesorado	16/12/2022	Ordenadores con conexión a internet	Adiada a formación ao segundo trimestre por cuestións organizativas	Realizada	
					Aprazada	X
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A avaliación do Plan Dixital realizarase en dúas fases:

Avaliación Procesual. Como indica o seu nome, iremos avaliando o proceso de implementación do Plan Dixital. Propoñémonos valorar e reflexionar sobre o seu funcionamento e utilidade como mínimo unha vez ao trimestre e a medida que se vaian realizando as accións previstas para ver se cumprimos os obxectivos. Grazas a esta avaliación podemos realizar modificacións e axustes en función do estado de execución das accións, a valoración do resultado das mesmas e as posibles melloras que sexa necesario implementar.

Avaliación final. Ao final do curso, valoraremos globalmente o resultado da aplicación do Plan Dixital. Analizaremos se conseguimos os obxectivos formulados, se logramos os avances pretendidos, novas necesidades que poidan xurdir...

Logo da realización destas avaliacións procesuais e finais, teremos a información necesaria para formular as novas necesidades existentes e en consecuencia as **propostas de mellora** que se deben implementar de cara ao vindeiro curso escolar.

4.1 Revisión e seguimento do plan en base á avaliación

Primeira revisión realizada ao remate do primeiro trimestre. Cambios introducidos:

- Número de alumnado
- Número de profesorado
- Unidades en funcionamento
- Actualización dos obxectivos propostos nas táboas do Plan de Acción

5. Difusión do plan

O presente Plan Dixital estará dispoñible para a súa publicidade e difusión na páxina web do centro, na sala de profesorado e no despacho do equipo directivo.